

APLICACIÓN DO CÓDIGO DE CONDUCTA

ÁMBITO DE APLICACIÓN:

Este documento vai dirixido expresamente aos árbitros de tenis adscritos ao CGAT (Comité Galego de Árbitro de Tenis) da Federación Galega de Tenis.

Trátase de implicarnos na mellora dos comportamentos de todos aqueles que intervimos nas competicións, e non permitir condutas antideportivas. Isto faremos en dúas fases:

FASE 1:

Iniciada en marzo de 2015 coas xornadas de actualización para árbitros e charlas informativas para xogadores e pais, nos torneos pertencentes ao Circuito Galego Xuvenil "Babolat"

FASE 2:

É deber do CGAT recordar aos Árbitros Galegos que o Código de Conduta establecido nos Regulamentos da RFET e da FGTennis é de CUMPRIMENTO OBRIGATORIO en todos os Campionatos e torneos (xa sexan privados, sociais ou non, ou organizados directamente pola FGTennis), por parte dos Xuíces Árbitros e Xuíces de Cadeira, e aplicable a todos os xogadores que participen nestes dentro ou fóra da pista, sexa cual for a súa idade.

PROCEDEMIENTO:

Temos que conseguir poder desterrar definitivamente da nosa forma de actuar, a actitude de ignorar o incidente ou non o sancionar, tentación na que incorremos en demasiadas ocasións, polo que nos estamos a converter en consentidores de condutas que non teñen cabida no noso deporte, e que pola súa reiteración se está a converter nun costume que debemos rexeitar, especialmente nas categorías inferiores.

Coa mellor intención de mellorar a actitude en pista e fóra dela, de todos os xogadores, adestradores e familiares nos torneos que se celebren en Galicia, temos que recordarche o procedemento que deberá ser seguido por todos os Xuíces Árbitros **SEN EXCEPCIÓN**, a partir do próximo **1 de setembro de 2015**:

- Se observamos unha violación do Código de Conduta (VCC) dende fóra da pista, o Xuíz-Árbitro terá que involucrarse persoalmente para coñecer os feitos e, se é o caso, na resolución deste, aplicando o Código de Conduta en vigor.

- Debemos recordar que as VCC poden ter lugar tanto na pista de xogo como tamén fóra dela (no club, oficina do JA, bancadas, vestiarios, cafetería, etc.

- Os malos comportamentos, xa sexan, de adestradores ou familiares deben ser tratados en principio directamente co infractor pero, en última instancia, poden

ser considerados como unha VCC do xogador en cuestión ("VCC por coaching", por exemplo).

- Se o Xuíz-Árbitro é chamado a pista por unha posible VCC, este debe conseguir a versión dos xogadores involucrados (nunca doutras persoas fóra da pista) e, posteriormente, actuar en consecuencia.

- Se ben os pasos a seguir no caso dunha VCC son "Aviso, Punto, Xogo, Xogo...", recórdase a posibilidade de DESCUALIFICAR directamente un xogador ou parella de dobres, no suposto dunha VCC moi grave (insulto moi grave, abuso físico con contacto, etc.). E mesmo se isto ten lugar nun torneo onde os xogadores/ás poidan xogar dúas categorías, ou o individual e dobres, calquera descualificación deberá entenderse automaticamente estendida a todas as probas do torneo/campionato. Nestes casos debemos recordar que o Xuíz de Cadeira ten atribucións para chegar ata a perda do xogo, e a partir de aquí é responsabilidade do Xuíz-Árbitro, a descualificación.

- Unha vez o partido remate, e se producise unha VCC leve, grave ou moi grave durante este, o JA debe facer un completo informe escrito do suceso e dirixilo, antes de pasadas as 24 horas seguintes, ao Comité de Arbitraje (comite.arbitraje@fgtenis.net) e tamén con copia ao Comité de Competición (comite.competicion@fgtenis.net).

- Os devanditos informes servirán para que os Comités de Arbitraje e de Competición estean informados da VCC acaecida e poder así actuar de oficio para iniciar o preceptivo procedemento sancionador, no seu caso ou, polo menos, estar preparado para unha posible reclamación de calquera das partes involucradas.

- O incumprimento destes procedementos por parte dun Xuíz-Árbitro pode ser obxecto dunha sanción disciplinaria a instancia CGAT, ou a perda de posibles designacións do árbitro involucrado.

Gabriel Fdez
Presidente do CGAT